CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións.	PE	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar a relación da vida das persoas coas súas accións sobre o medio.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Utilizar ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseñar, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Facer predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela, relacionada co medio natural, en fontes seguras.		
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Practicar hábitos de vida saudable.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia.		
		TI	35

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos

- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar en que cobren as súas necesidades.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga.
- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.
- Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.
- Identificación da materia e das súas propiedades.
 - Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.
 - As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación.
- A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
 - Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
 - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
 - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
 - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
 - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
 - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, o primeiro trimestre oríentase cara ao desenvolvemento de hábitos de autocoidado, tanto no aspecto físico como nos aspectos emocional e afectivo. O alumnado afondará no coñecemento do corpo, os cambios que se producen nel co paso do tempo, identificando as partes do corpo humano e os ósos, articulacións e músculos máis importantes, así como as funcións vitais a través de actividades como a elaboración dunha liña do tempo coas etapas da vida, construción dun esqueleto móbil ou a elaboración dun emociómetro, entre outras.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo do segundo trimestre, o alumnado realizará observacións de animais e plantas da súa contorna para coñecer e comprender mellor os seres vivos que os rodean, obtendo e rexistrando datos significativos dos mesmos, como poden ser as características físicas, alimentación, tipo de reprodución ou o crecemento dunha planta. O reto deste trimestre céntrase na reflexión sobre a importancia da auga no planeta e a idea de que é un ben escaso, moi valioso e que hai que coidar de forma responsable.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. No terceiro trimestre o alumnado experimentará coas substancias puras e as mesturas heteroxéneas, así como coa luz (descomposición, reflexión e refracción da luz a través de actividades como o disco de Newton ou a reflexión e refracción empregando auga) e co son, analizando e experimentando como se transmite a través de distintos tipos de materia (auga, aire, obxectos sólidos...).

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: crear un ecosistema, realizar plantacións na horta, construír un robot empregando material de refugallo, analizar o funcionamento de máquinas e aparellos da súa vida cotiá e realizar construcións sinxelas para analizar os efectos das forzas sobre elas.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Ademais, o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo aplicando rutinas de pensamento a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais e o corpo humano, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Terra Azul, A caixa do correo,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lectura compartida, Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (libro de texto, cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, algún material de laboratorio para experimentos (probetas, tubos de ensaio...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula maker, aula de informática, aula de plástica, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
 - Recoñecer as características básicas dos animais, plantas e do corpo humano a través dun debuxo.
 - Test da figura humana.
 - Actividades de comprensión e expresión oral a través de vídeos ou imaxes sobre diferentes tipos de ecosistemas, identificar materiais na aula ou obxectos e máquinas cotiás, empregando rutinas de pensamento como "Vexo-Penso-Pregúntome".
 - Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente, hábitos saudables, ou outras temáticas.
 - Realización de actividades dixitais empregando unha tableta ou ordenador.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	60	50	60	60	60	60	50	60	65	58
Táboa de indicadores	40	50	40	40	40	40	50	40	35	42

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2+ NOTA UD3) / 3

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4 + NOTA UD5 + NOTA UD6) / 3

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7 + NOTA UD8 + NOTA UD 9) / 3

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes descritas no punto 5.2.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.4

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e

avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades, así como o plan específico de reforzo para aquel alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X

	UD 9
ET.2 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X
ET.3 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X
ET.6 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X		
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.		X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Procedementos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Temporalización.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

Dende o punto de vista curricular:

- Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
- A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das

actividades...

- Queda claro o enfoque competencial.
- As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
- A interdisciplinariedade é operativa.
- Destaca o desenvolvemento de comportamentos éticos.
- A vinculación cos desafíos do século XXI e cos ODS está clara.
- Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
- Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.

Dende o punto de vista de desenvolvemento na aula:

- O proceso levouse a cabo con fluidez.
- A temporalización foi adecuada.
- Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
- A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
- As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
- Hai espazo para a reflexión persoal e grupal sobre o proceso de aprendizaxe.
- Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.
- As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluídas.
- A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2024/2025, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica para un grupo de 12 nenos e nenas.

A área de CIENCIAS SOCIAIS está deseñada co obxectivo de que o alumnado sexa activo, responsable e respectuo coa súa contorna, cultura e historia; tanto inmediata como a mais afastada. O paso do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implica que os alumnos deben adoptar un coñecemento de si mesmos e do contorno que os rodea, adaptándose a el e sendo capaces de contribuír ao seu avance e conservación. O alumnado debe adquirir os coñecementos, as habilidades e as actitudes relacionadas co uso seguro de fontes fiables de información. Incidirase na educación para a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, o respecto á diversidade, a actividade etnocultural, a cohesión social, o emprendemento, a valorización e conservación do patrimonio, e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en definitiva, nenas e nenos comprometidos co planeta e coas persoas, que se converterán en adultos con intereses e inquietudes por preservar o medio que os rodea.

A área de CIENCIAS SOCIAIS estrutúrase en catro bloques:

- Ciencia e tecnoloxía
- O mundo e ou desenvolvemento sostible
- Vivir en sociedade
- Leccións do pasado

O obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta. Isto significa tamén o recoñecemento da diversidade como riqueza multicultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica de mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso baseado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os Dereitos do Neno, e nos principios contidos no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Constitución.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. As relacións sociais son cada vez máis abertas, deixando atrás o egocentrismo no que vivían na etapa anterior.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ADEUS ÁS VACACIÓNS! ÁMBITOS DE RELACIÓ E CONVIVENCIA	A situación de aprendizaxe desta unidade pon de relevo a utilidade da lingua en diversas situacións comunicativas e o valor evocador da lingua mediante preguntas sobre a participación dos estudantes en distintas actividades para mellorar a creatividade, o coñecemento e a curiosidade, a partir da cal se organizan diferentes habilidades comunicativas. Debaterase sobre diferentes lugares frecuentados en vacacións e describiranse diferentes tipos de paisaxes. Para finalizar, os alumnos escribirán distintos tipos de mensaxes relacionadas coas normas de convivencia.	11	11	X		
2	BAILAMOS NA RÚA. DIFERENTES E IGUAIS	A unidade comeza poñendo o acento na organización dun festival de baile. Os alumnos debaterán sobre como organizarán a actividade: quen participará, como será a coreografía, que necesitan para poder bailar, etc. O alumnado realizará un debate sobre as diferenzas persoais e a igualdade de dereitos. Para pechar a unidade, poñerase en práctica o aprendido para reflexionar sobre diferentes tarefas que se poden realizar en beneficio da cidadanía.	11	12	X		
3	O CONCURSO DE COCIÑA. MEDIOS DE COMUNICACIÓN	Nesta unidade trabállase a comunicación, partindo da situación de participar nun concurso de cociña. Reflexionarase sobre que valorará o xurado nos pratos que se preparen: o sabor, os ingredientes que conteñen, a dificultade da preparación, o aspecto que teñen, etc. A través das actividades propostas nesta unidade vanse fomentar actitudes positivas ante a publicidade e os medios de comunicación, incidirase nos hábitos de consumo, relacionándoos co diñeiro, e promoverase o compañeirismo na aula e o benestar persoal.	11	12	X		
4	HORTA OU XARDÍN? AS PAISAXES	Esta unidade parte da reflexión sobre que traballos terán que realizar os nenos e nenas na súa horta ou no seu xardín, sinalando que hai que plantar, regar, quitar as malas herbas, etc. Analizarase se hai	11	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	HORTA OU XARDÍN? AS PAISAXES	que facer o mesmo nun xardín que nunha horta. Reflexionarase sobre os distintos tipos de paisaxes e sobre o ciclo da auga. De forma integrada, propónse a lectura e comprensión de varios textos vinculados co tema. Para finalizar a unidade, os alumnos van expoñer un rexistro do tempo atmosférico, relacionándoo cos estados da auga e coas temperaturas.	11	11		X	
5	VIAXE EN SUBMARINO. OS ELEMENTOS	Nesta unidade propóñense a reflexión e o debate sobre unha viaxe en submarino. Os alumnos farán hipóteses e informaranse sobre que poderán ver as persoas que viaxan no Nautilus 10: animais mariños, só peixes e algunhas plantas, corais, etc. Opinarán sobre por que parece que os bancos de peixes e as medusas están bailando. Propiciarase o traballo en equipo doutros contidos, relacionados coa auga, co aire e coa terra, incluíndo as rochas e minerais, e analizarase a importancia de non contaminar.	11	12		X	
6	A TERRA DESDE O ESPAZO. O PLANETA TERRA E O SISTEMA SOLAR	Nesta unidade establecerase un debate sobre o traballo duns determinados astronautas, sinalando se cren que deben arranxar a estación espacial, estudar os grandes espazos naturais da Terra ou descubrir outros planetas. Propónse a realización dunha descrición da Terra vista desde o espazo. Exporanse as características xerais do sistema solar e dos distintos corpos celestes, e reflexionarase sobre a Terra e a súa representación en planos e mapas, tendo en conta diferentes paisaxes e territorios.	11	12		X	
7	ESTAMOS DE FESTA! SECTORES PRODUCTIVOS	Nesta unidade iníciase a reflexión sobre aspectos básicos dalgúns traballos relacionados coa organización dunha festa, analizando se se podería celebrar a festa sen eles, destacando a súa importancia e facendo hipóteses sobre as posibilidades que habería se non houberse ninguén que realizase estes traballos. Analizaranse as características dos diferentes tipos de traballos relacionándoos co sector servizos e coa obtención de materias primas, coa súa elaboración, distribución, etc. Poñerase en práctica todo o aprendido e faranse propostas para planificar as tarefas persoais e para o desenvolvemento de tarefas de	11	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	ESTAMOS DE FESTA! SECTORES PRODUTIVOS	voluntariado.	11	11			X
8	A FEIRA DE ROBÓTICA. OS MEDIOS DE TRANSPORTE	Nesta unidade van reflexionar e debater sobre unha feira de robots; incidirase na observación e na expresión sobre que cousas poden facer os robots que hai na feira: xogar e axudar a estudar; acompañar os nenos e nenas ao colexio, preparar comidas, arranxar ou construír cousas, facerse amigos das persoas, dirixir o tráfico ou lavar a roupa. A partir desta idea, coñecerán unha serie de medios e soportes comunicativos accesibles para eles. Incidirase no uso correcto dos medios de transporte e de planos de situación, facendo partícipes os alumnos da importancia de respectar as normas de tráfico e de convivencia, destacando a educación viaria e a precaución.	11	12			X
9	A HISTORIA DUNHA CIDADE. O TEMPO HISTÓRICO	Nesta unidade propónse analizar unha cidade e estudar a súa evolución a través de diferentes épocas. Esta situación de aprendizaxe proporcionará a oportunidade de que os alumnos expoñan en cal destas épocas lles gustaría vivir e o porqué das súas preferencias. Proponse realizar un estudo que reflicta os cambios acontecidos, no contorno e na vida das persoas, a través do tempo.	12	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ADEUS ÁS VACACIÓNS! ÁMBITOS DE RELACIÓN E CONVIVENCIA	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.	PE	50
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada e democrática respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.	TI	50
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.

Contidos

- Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet.
- A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e co universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais.
- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.
- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns.
- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica
- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia.
- A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais?
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.
- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Tomade conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna...
- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	BAILAMOS NA RÚA. DIFERENTES E IGUAIS	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	PE	45
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados e pautados e empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos do contorno social e cultural inmediato.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	55
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Identificar conexións entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.

Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet.
- A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e co universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais.
- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.
- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns.
- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica
- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia.
- A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais¿
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.
- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Tomade conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna...
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Expresar mensaxes cotiás ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.

UD	Título da UD	Duración
5	It's my birthday	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e escritos	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar por escrito estruturas aprendidas sinxelas		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados	TI	50
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participar en situacións interactivas grupais		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Expresar mensaxes cotiáns ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.

UD	Título da UD	Duración
6	I'm on holiday	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Recoñecer e interpretar palabras en textos orais e escritos	PE	50
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado	Expresar por escrito estruturas aprendidas sinxelas		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados	TI	50
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Expresar mensaxes cotiás ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar de maneira moi guiada, progresos e dificultades moi elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.

Contidos

- Convencións ortográficas elementais.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para favorecer a adquisición dos obxectivos o enfoque metodolóxico basearase principalmente na creación de situacións comunicativas entre o alumnado. Para incrementar a motivación e o interese dos nenos e nenas, as estratexias se centrarán nos seguintes aspectos:

- Partir das aprendizaxes previas do grupo clase.
- Actividades grupais e/ou en parella que impliquen preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
- Desenvolver xogos coma o "quen é quen", "find someone who" (...) que estimulen a expresión en lingua estranxeira.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Empregar tecnoloxías dixitais para a proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips e cancións.
- Facer uso da biblioteca escolar para introducir a lectura en lingua estranxeira adaptada ao nivel do alumnado
- Empregar páxinas web como Story Nory ou Storyonline para favorecer a escoita de contos narrados por persoas de fala inglesa.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Decorar a aula con cartaces feitos polo alumnado que lles recorden a construción de frases de uso diario coma Can I go to the toilet?, Can I borrow...? Can you help me, please?....
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repazos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender a mestra cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.
- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Xogos de mesa.
2- Tarxetas de vocabulario
3- Posters e murais.
4-Libros de lectura.
5-.Revistas.

6- Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
7- Páxinas web.
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Ferramentas dixitais de elaboración de materiais.
10- Class book de All about us (Oxford)
11-Videos, rimas, cancións e chants.

1- Xogos de mesa relacionados co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e a traballar nas distintas UD.

Exemplos:

+ Xogos de tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- adiviñar a tarxeta

- memory game

- facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

+ Dominós e Bingos relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

2- Flashcards coas imaxes do vocabulario a traballar en cada UD que permitan ao alumnado relacionar o léxico coa imaxe correspondente.

3- Posters e murais: tanto de elaboración propia polo alumnado coma posters de vocabulario impresos que permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

4- Libros de lectura coma contos, cómics, ou poesía.

5- Revistas infantís coma National Geographic Kids.

6- Realia: moedas, almanaques, cartas de restaurante....

7- Páxinas web:

- British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

- Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

Types of games:

-Memory

-Drag it.

-Simon says

-Match it.

-Guess it.

-Whats missing?

- Historias e contos publicados na rede:

- Story Nory

- Storyline

- Lyricstraining

- Páxinas de visualización de vídeos coma Youtube para escoitar cancións, ver curtas ou anuncios publicitarios.

8-Encerado dixital interactivo -smart board.

9- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais:

Exemplos

- Genially: <https://genial.ly/why-genially>

- Canva: https://www.canva.com/es_419/

- Educaplay...

10- Class book de All about us (Oxford)

11-Videos, rimas, canción e chants.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo na primeira semana do curso para coñecer o nivel do que parte o alumnado. Esta avaliación levarase a cabo mediante a revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, os plans de reforzo e a través de actividades realizadas en Plickers e xogos de acción coma:

- Identificar os día da semana.
- Identificar os números.
- Identificar as estacións.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	17	16	17	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, teremos en conta as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, as cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas e escalas de observación que terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou instrucións e o grao de traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

$$\text{NOTA 1ª AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2}) / 2$$

$$\text{NOTA 2ª AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD3} + \text{NOTA UD4}) / 2$$

$$\text{NOTA 3ª AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 2$$

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación acadando o aprobado ao obter un 5.

En canto á nota final na materia, esta será calculada mediante a nota media acadada en cada un dos trimestres.

$$\text{NOTA 1ª AVALIACIÓN} + \text{NOTA 2ª AVALIACIÓN} + \text{NOTA 3ª AVALIACIÓN} : 3$$

Criterios de recuperación:

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, teranse en conta medidas ordinarias como á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado a través do apoio educativo da auxiliar de conversa.

Ademais, para desenvolver as capacidades do alumnado teranse en conta as súas características individuais como poden ser a adaptación de medios, dos tempos na realización de probas ou tarefas ou o uso de imaxes de apoio.

Exemplos:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros/as que tamén vaian rematando.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema.

* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

- Incluirlos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.		X		X		
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X					X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.			X		X	

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse na aula de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe	X	X	X
Visitas ao centro	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores...	X	X	X
Conmemoracións da escola	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Christmas, Easter, Thanksgiving...	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Conseguise motivar ao alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os reursos empregados foron axeitados.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa.
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do alumnado, de todo o profesorado de nivel, do profesorado de LE e do profesorado CLIL.

Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

Estes indicadores de logro permitirannos avaliar os procesos de ensino e a práctica docente nas unidades didácticas para obter a información precisa que axude a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través desta aplicación xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación que inclúa propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos.

As modificacións quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta para o próximo curso.

E ,se é o caso, requerirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na area de lingua estranxeira.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	51
4.2. Materiais e recursos didácticos	53
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	54
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	54
6. Medidas de atención á diversidade	56
7.1. Concreción dos elementos transversais	56
7.2. Actividades complementarias	57
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	58
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	59

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria para o ano académico 2024/2025 para un grupo de 12 alumnos e alumnas. A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

O papel que a área de Lingua Galega e Literatura xoga no conxunto do currículo parte directamente do valor que a competencia comunicativa ten en todas as áreas, materias e ámbitos, e da súa relación con resto das competencias clave. O currículo de Lingua Galega e Literatura deséñase con vistas ao modelo de estudante proposto no perfil de saída do estudante ao final da educación básica, partindo dos descritores operativos que especifica o desenvolvemento competencial esperado ao final da etapa educativa. O seu obxectivo é desenvolver a competencia comunicativa lingüística dos alumnos en galego.

Dentro do ensino desta área, a literatura terá un valor significativo como produto e expresión artística dunha cultura en si mesma e en relación con outras manifestacións artísticas e culturais do contorno de Galicia, España e o mundo. Aprender e expresarse en galego e coñecer e valorar a propia literatura implica achegarse e comprender ese sistema de comunicación e de expresión, a través do cal se transmiten e manifestan significados culturais e modos singulares para comprender e interpretar a realidade.

Así, o currículo organízase ao redor de estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler e escribir en galego, co fin de

proporcionarlles aos alumnos ferramentas que lles permitan afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso efectivo e ético das palabras; respectuosas coas diferenzas, coa capacidade de transformar a información en coñecemento e de aprender por si mesmas, informándose, colaborando e traballando en equipo de forma creativa e emprendedora; comprometidas co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriano correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ADEUS ÁS VACACIÓNS! XOGAMOS NO PARQUE	A situación de aprendizaxe desta unidade pon de relevo a utilidade da lingua en diversas situacións comunicativas e o valor evocador da lingua mediante preguntas sobre a participación dos estudantes en distintas actividades para mellorar a creatividade, o coñecemento e a curiosidade, a partir da cal se organizan diferentes habilidades comunicativas. Debaterase sobre diferentes lugares frecuentados en vacacións e sobre os parques. Para finalizar, os alumnos escribirán unha postal. Vocabulario: os xogos tradicionais. Iniciación gramatical: as letras. O abecedario. Ortografía: palabras con ca, co, cu, que,	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ADEUS ÁS VACACIÓNS! XOGAMOS NO PARQUE	qui. Conto e noticia.	11	16	X		
2	BAILAMOS NA RÚA: DÍA DE FOLIADA	A unidade comeza poñendo o acento na organización dun festival de baile, prestando atención á música. Os alumnos debaterán sobre como organizarán a actividade: quen participará, como será a coreografía, que necesitan para poder bailar, etc. De forma transversal, o alumnado realizará un traballo de investigación sobre o vocabulario que hai arredor do baile. Para pechar a unidade, analizarase unha entrevista sobre a valoración das tradicións. Vocabulario: a música e o baile galegos. Iniciación gramatical: palabras e sílabas. Ortografía: palabras con za, zo, zu, ce, ci. Escritura: describir unha persoa. Conto, entrevista e poema.	11	15	X		
3	O CONCURSO DE COCIÑA: NA PRAZA DE ABASTOS	Nesta unidade trabállase a comunicación, partindo da situación de participar nun concurso de cociña e a súa relación coa praza de abastos. Reflexionarase sobre que valorará o xurado nos pratos que se preparen: o sabor, os ingredientes que conteñen, a dificultade da preparación, o aspecto que teñen, etc. A través das actividades propostas nesta unidade, vaise elaborar unha etiqueta e fomentárase o traballo de actividades extracurriculares e promoverase o compañeirismo na aula. Vocabulario: a praza de abastos. Iniciación gramatical: a oración. Clases de oracións. Ortografía: palabras con ga, go, gu, gue, gui, güe, güi. Escritura: elaborar unha etiqueta. Conto, texto informativo e poema.	11	16	X		
4	HORTA OU XARDÍN? DE RUTA POLO MONTE ALOIA	Esta unidade parte da reflexión sobre que traballos terán que realizar os nenos e nenas na súa horta ou no seu xardín, sinalando que hai que plantar, regar, quitar as malas herbas, etc. Analizarase se hai que facer o mesmo nun xardín que nunha horta e compararanse estes cun parque natural. De forma integrada propónse a lectura e comprensión de varios textos vinculados co tema. Para finalizar a unidade, os alumnos van expoñer un rexistro do tempo	11	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	HORTA OU XARDÍN? DE RUTA POLO MONTE ALOIA	atmosférico. Vocabulario: o parque natural. Ortografía: palabras co son R forte e co son R suave. Iniciación gramatical: os pronomes persoais. Escritura: separar oracións. Conto, texto informativo e poema.	11	15		X	
5	VIAXE EN SUBMARINO: COIDAMOS O PLANETA	Nesta unidade propónse a reflexión e o debate sobre unha viaxe en submarino. Os alumnos farán hipóteses e informaranse sobre que poderán ver as persoas que viaxan no Nautilus 10: animais mariños, só peixes e algunhas plantas, corais, etc. Opinarán sobre por que parece que os bancos de peixes e as medusas están bailando. Concienciarase sobre a importancia de protexer o planeta. Para pechar a unidade, escribirán un conto. Vocabulario: o coidado da praia. Iniciación gramatical: o substantivo propio, común e colectivo; o xénero e o número. Adiviñas de animais. Ortografía: uso de mb e mp. Escritura: escribir un conto. Conto, poema, cómic e texto informativo.	11	15		X	
6	A TERRA DESDE O ESPAZO: NO PLANETARIO	Nesta unidade propónse un debate sobre o traballo duns determinados astronautas, sinalando se cren que deben arranxar a estación espacial, estudar os grandes espazos naturais da Terra ou descubrir outros planetas. Relacionarase isto coa representación nun planetario. Ao finalizar a unidade propónselles a realización dunha descrición da Terra vista desde o espazo, alongando oracións nalgunhas actividades. Vocabulario: o planetario. Iniciación gramatical: os determinantes; o artigo. Ortografía: as contraccións do artigo. Escritura: alongar oracións. Conto, texto informativo e poema.	11	16		X	
7	ESTAMOS DE FESTA! NA FEIRA DE ARTESANÍA	Nesta unidade iníciase a reflexión sobre aspectos básicos dalgúns traballos relacionados coa organización dunha festa, analizando se se podería celebrar a festa sen eles, destacando a súa importancia e facendo hipóteses sobre as posibilidades que habería se non houberse ninguén que realizase estes traballos. Analizarase en que consiste unha feira de artesanía.	11	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	ESTAMOS DE FESTA! NA FEIRA DE ARTESANÍA	Poñerase en práctica todo o aprendido e faranse propostas para mellorar a nosa localidade escribindo unha noticia. Vocabulario: a artesanía. Iniciación gramatical: os adxectivos. Ortografía: palabras con ll e con i. Escritura: escribir unha noticia. Conto e poema.	11	15			X
8	A FEIRA DE ROBÓTICA: NO PARQUE DE EDUCACIÓN VIARIA	Nesta unidade van reflexionar e debater sobre unha feira de robots. Incidirase na observación e na expresión sobre que cousas poden facer os robots que hai na feira: xogar e axudar a estudar; acompañar os nenos e nenas ao coleio, preparar comidas, arranxar ou construír cousas, facerse amigos das persoas, dirixir o tráfico ou lavar a roupa. A partir desta idea, coñecerán unha serie de medios e soportes comunicativos accesibles para eles. Reflexionarase sobre os parques de educación viaria. Para finalizar, presentarase o deseño dunha máquina e escribirán un poema relacionado co semáforo. Vocabulario: a educación viaria. Iniciación gramatical: o verbo. Ortografía: palabras con x. Escritura: ordenar oracións. Conto e poema.	11	15			X
9	A HISTORIA DUNHA CIDADE: COMO PASA O TEMPO!	Nesta unidade propónse analizar unha cidade e estudar a súa evolución a través de diferentes épocas. Esta situación de aprendizaxe proporcionará a oportunidade de que os alumnos expoñan en cal destas épocas lles gustaría vivir e o porqué das súas preferencias. Propónse organizar unha exposición que reflecta os cambios acontecidos a través do tempo e comentaranse refráns e poemas relacionados co tempo. Vocabulario: o paso do tempo. Iniciación gramatical: os tempos verbais. Ortografía: os signos de interrogación e admiración; palabras con br e con bl. Refráns sobre os meses do ano. Escritura: escribir un poema. Conto e poesía.	12	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ADEUS ÁS VACACIÓNS! XOGAMOS NO PARQUE	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Identificar o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade.	PE	45
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura	Valorar e comprender o sentido de distintos tipos de textos.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar información dunha variedade de fontes, incluídas fontes dixitais, citándoas axeitadamente.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. Valorar os textos literarios sinxelos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Usar estratexias elementais para producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Respectar as distintas linguas e variedades dialectais como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	55
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Observar no seu contorno e recoñecer na linguaxe algúns usos inadecuados e intentar evitar algúns prexuízos.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Recoñecer as ideas principais en textos orais sinxelos.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Empregar un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Apreciar a información máis relevante en textos orais e multimodais.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Facer predicións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave. Usar estratexias de comprensión lectora.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Obter información, seleccionando distintas fontes documentais e distintos soportes.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Adquirir progresiva autonomía na elección dos textos de lectura.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relacionar os aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos. - Procesos: interacción oral

Contidos

- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Contexto
- Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega.
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, adecuados aos seus intereses
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.

Contidos

- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	BAILAMOS NA RÚA: DÍA DE FOLIADA	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a partir da observación da contorna. Utilizar as linguas do seu contorno con persoas próximas.	PE	50
